



## **Proposta de enmendas Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CPXG)**

Os xornalistas galegos, representados por lei a través do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CPXG), compartímo-lo espírito do Estatuto do Xornalista Profesional (EXP) que tramita o Congreso dos Deputados e felicitámonos porque fora admitido a debate a fin de garanti-lo exercizo do dereito á información. O Colexio considera, non obstante, que o Estatuto pode e debe ser obxecto de melloras substanciais que contribúan a definir un marco legal de referencia que garanta que o exercizo do xornalismo estea exclusivamente ao servizo do dereito dos cidadáns á información que protexe a vixente Constitución.

**1. O requisito da licenciatura (artigos 1, 2 e 3).** Coidamos que para conquistar ese obxectivo só deben ser considerados xornalistas os licenciados en Ciencias da Comunicación, rama xornalismo ou comunicación audiovisual, amais dos membros de Colexios Profesionais de Xornalistas creados por lei. Só a partires desa premisa, que estamos obrigados a defender, apoiaremos a regularización como xornalistas de tódolos profesionais que poidan demostrar que durante alomenos os últimos cinco anos ata a aprobación do Estatuto tiveron como actividade principal e remunerada a obtención, elaboración, tratamento e difusión por calquera medio de información de actualidade, en formato literario, gráfico, audiovisual ou multimedia, con independencia do tipo de relación contractual que puidese manter cunha ou varias empresas, institucións ou asociacións.

A condición de xornalista profesional acreditarase mediante o correspondente carné expedido dacordo coas previsións anteriores por un Consello Estatal da Información, os seus equivalentes autonómicos ou os Colexios Profesionais de Xornalistas alí onde existan, conforme a un modelo único, que será regulado por Lei.

**2. Incompatibilidades (artigo 8).** Tal e como está redactado o artigo 8. a) exclúese da condición de xornalistas aos que exerzan profesionalmente as "relacións públicas". Coidamos que o Estatuto debe deixar claro que esta actividade non se refire aos profesionais do xornalismo que traballan en gabinetes de prensa.

**3. Dereitos de autor (artigo 19).** Este artigo establece que cómpren "acordos específicos para a explotación destes dereitos noutros medios do mesmo grupo ou a súa cesión a terceiros". Os xornalistas galegos coidamos que se debería explicitar a necesidade de citar nos contratos os soportes (papel, Internet, etc.) para os que se ceden os dereitos de autor dos xornalistas.



**4. Natureza dos Comités de Redacción (artigo 22).** Na definición actual ("enténdese por Redacción as unidades de traballo na que se confía a elaboración dunha publicación, programa audiovisual ou páxinas ou sitio na rede de carácter informativo") pode chegar a entenderse —aplicando unha lectura literal— que fican excluídos da categoría de unidades de traballo con dereito a formar Comités de Redacción as axencias de noticias. Coidamos que nestes medios tamén deben existir Comités de Redacción.

**5. O Consello Estatal da Información (artigos 25, 26 e 27).** Este órgano débese constituir no prazo de seis meses dende a entrada en vigor do Estatuto coa función de promover os dereitos á liberdade de expresión e información e, de xeito específico, o dereito do público a recibir información e os dereitos profesionais declarados neste Estatuto. O Consello será un organismo público independente do poder executivo e renderá contas da súa actuación ao poder lexislativo. O Consello será dotado economicamente por medio dos Orzamentos Xerais do Estado.

Os xornalistas galegos promovemos que o Consello Estatal estea composto por:

- a) 8 xornalistas electos por maioría de 2/3, 4 polo Congreso e 4 polo Senado;
- b) 4 representantes das asociacións empresariais da comunicación electos por maioría de 2/3, 2 polo Congreso e 2 polo Senado;
- c) 3 representantes dos Colexios Profesionais de Xornalistas;
- d) 2 xuristas de recoñecido prestixio electos por maioría de 2/3, un polo Congreso e outro polo Senado;
- e) 3 representantes das centrais sindicais de ámbito estatal electos por maioría de 2/3, dous polo Congreso e dous polo Senado;
- f) 3 representantes de asociacións de consumidores, radioíntes ou telespectadores electos por maioría de 2/3, 2 polo Congreso e 2 polo Senado.

O Consello actuará en Pleno e en Comisións. Constituiranse as Comisións de Acreditacións, Deontolóxica e de Estudos. Cada Comisión estará formada por 8 conselleiros, electos polo Pleno. Da Comisión Deontolóxica formarán parte os 2 representantes da carreira xudicial e os 3 dos Colexios Profesionais. O Pleno escollerá ao Presidente do Consello. Os membros de cada Comisión escollerán ao seu presidente.

**6. O Código Deontolóxico (artigo 30 e anexo I).** Os xornalistas galegos estamos a prol do artigo do proxecto que establece para o xornalista a obriga de ofrecer á sociedade información veraz de relevancia pública respectando as normas deontolóxicas da profesión. Unhas normas que, dende o CPXG, queremos que sexan aprobadas polo Consello Estatal da Información no prazo dun ano dende a constitución deste órgano. En consonancia con esta idea, os xornalistas galegos defendemos tamén que, en cumprimento da Lei de Colexios Profesionais, correspóndalle esixir a responsabilidade deontolóxica aos Colexios de Xornalistas naquelas Comunidades Autónomas onde estean constituídos e, no seu defecto, ao Consello da Información Autonómico ou do Estado.

**7. O papel das Comunidades Autónomas (artigo 32).** As Comunidades Autónomas, no exercizo do desenvolvemento das normas básicas dos medios de comunicación, que lles confire o art. 149.1.27 da Constitución Española, poderán outorga-las competencias de acreditación, deontolóxicas e de estudo a órganos públicos, con suxeición ao disposto na presente Lei. Poderán en tal caso integrar no sistema público os mecanismos de acreditación profesional e autocontrol que existisen no ámbito privado, corporativo ou sindical da respectiva Comunidade. Esta competencia recaerá nos Colexios Profesionais de Xornalistas naquelas Comunidades que contasen con estas entidades de dereito público.